

17 de marzo de 2008. Os pasados días 15 e 16 de marzo, ADEGA participou no **I Foro Ibérico contra os Transxénicos**, celebrado en Bilbo e organizado por EHNE. Intervimos nun dos 5 obradoiros -o de lexislación- do foro, con representantes galegos/as nos outros 4. Logo dun intenso debate no que ADEGA, xunta con organizacións catalás e bascas, demandabamos máis **atención aos territorios** con competencias plenas fronte a visións estatalistas, acadouse un consenso de mínimos canto ás accións legais. Resolucións FORO



Haberá pois dous **planos de actuación** complementares: o estatal, centrado arredor dunha solicitude de **moratoria** através da cláusula de salvagarda para o millo MON 810; e o local, apoiando as **ILPs** e as declaracións de zonas libres que están en marcha en Catalunya, Euskadi e próximamente Galiza.

O estado español e Portugal son o sumidoiro xenético de Europa. En **España**, seméntase comercialmente millo transxénico (fundamentalmente o MON 810 e as súas variedades) de xeito que o pasado ano foron máis de **70.000 Has** as cultivadas con OXM. Pola súa banda, en **Portugal** están en cultivo **4.000 Ha** de millo transxénico, sobre todo do Douro para abaixo, e o estado portugués aprobou no 2005

unha Lei de Coexistenza que na prática, abre a porta ao cultivo masivo de OXMs.

En
Euskadi
, son numerosas as explotacións, concellos e mesmo o governo basco que subscribiron declaracións territoriais de
"zona libre de transxénicos"
.

En **Catalunya**, e logo duns anos de loita activa no que o movemento anti-transxénicos foi criminalizado, decidiron virar en positivo a campaña e están a recoller sinaturas para promover unha **ILP** (Som lo que Sembrem) que tire aos transxénicos dos campos e das cestas da compra. Para ADEGA, membro da recén criada **Plataforma Galega Anti-transxénicos**
, resulta fundamental aprender destas experiencias para desenvolver con eficacia un traballo de
información-denuncia-mobilización
cara a declarar Galiza territorio libre de transxénicos, mesmo através dunha ILP.

Concordamos en solicitar unha
moratoria estatal
, xa que debe ser o governo español quen active a cláusula de salvagarda para cada variedade (comenzando polo MON 810), mais non é menos importante aproveitar as
competencias lexislativas
dos territorios para irlles "segando" o apoio xurídico aos transxénicos dende os concellos e sobre todo dende as comunidades con competencias plenas, quer Galiza, Euskadi e Catalunya.

As
campañas de información e sensibilización
funcionan millor a nível local, contando coas asociacións de produtores/as e consumidores/as que, centradas na realidade máis inmediata, son a base para lexitimar as propostas que trasladaremos ás distintas administracións.

